



Segundo a normativa vixente, orde do 21 de outubro de 2022, pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo de Educación Infantil e Primaria, ábrese o prazo de admisión do alumnado no Ceip Plurilingüe Palas de Rei, tendo en conta as seguintes directrices informativas:

1.-OFERTA DE POSTOS DE ESCOLARES

Ensinanzas	Prazas	Prazas dispoñibles	Observacións
4º Educación Infantil	25	25	3 reserva de praza
5º Educación Infantil	25	8	
6º Educación Infantil	25	11	
1º Educación Primaria	25	7	3 reserva de praza
2º Educación Primaria	25	7	
3º Educación Primaria	25	7	
4º Educación Primaria	25	6	
5º Educación Primaria	25	9	
6º Educación Primaria	25	11	

2. PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE ADMISIÓN: do 1 ao 20 de marzo, ambos inclusive.

3.ÁREA DE INFLUENCIA: Concello de Palas de Rei.

4.CENTRO DE ADSCRICIÓN: IES do Camiño (Palas de Rei)

5.SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DOCENTRO: Transporte e Comedor Escolar ofertados pola Consellería de Educación.

6.PUBLICACIÓN LISTAXE PROVISIONAL ALUMNADO ADMITIDO E NON ADMITIDO. Antes do 25 de abril (Prazo de reclamación: 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación)

7.PUBLICACIÓN LISTAXE DEFINITIVA ALUMNADO ADMITIDO E NON ADMITIDO. Antes do 15 de maio

8.FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA: do 20 ao 30 de xuño.



9. NOTA INFORMATIVA:

-Segundo a lexislación vixente, só se pode presentar unha única solicitude no Centro no que se solicita a praza en primeiro lugar, advertindo que a infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

-O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.

-O alumnado que ten reservada a praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto, deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

10. NORMATIVA REGULADORA:

Decreto 13/2022, de 3 de febreiro, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, e educación secundaria obrigatoria e bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

ORDE do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Real Decreto 443/2001, do 27 de abril sobre condicións de seguridade do transporte escolar e de menores.

Decreto 132/2013, do 1 de agosto polo que se regula os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia de educación.

En Palas de Rei, a 27 de febreiro de 2023